



CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 3 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se modifican as datas e os prazos establecidos na Resolución do 20 de xaneiro de 2020 pola que se convoca a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos e se ditan instrucións para a súa realización.

Advertidos erros na dita resolución, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Onde di

«3. *Celebración da proba*

A proba celebrarase o día 11 de setembro de 2020 en sesións de mañá e tarde no IES San Clemente de Santiago de Compostela.

4. *Publicación dos resultados e reclamacións*

1º. O día 17 de setembro de 2020 o tribunal fará pública a lista provisional das persoas avaliadas coas cualificacións positivas, por exercicios, no taboleiro de anuncios do IES San Clemente de Santiago de Compostela. Así mesmo, esta lista será accesible no portal web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/1238>.

2º. Contra a cualificación provisional poderase presentar, na secretaría do centro onde se celebrou a proba, reclamación por escrito dirixida á presidencia do tribunal nos tres días hábiles posteriores á publicación das cualificacións, explicando o motivo da reclamación.

3ª. Transcorrido o prazo de reclamacións, elevarase a definitiva a lista de cualificacións, que será publicada o día 29 de setembro de 2020 no taboleiro de anuncios do IES San Clemente de Santiago de Compostela e no portal web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/1238>».

Debe dicir:

«3. *Celebración da proba*

A proba celebrarase o día 3 de setembro de 2020 en sesións de mañá e tarde no IES San Clemente de Santiago de Compostela.

4. *Publicación dos resultados e reclamacións*

1º. O día 8 de setembro de 2020 o tribunal fará pública a lista provisional das persoas avaliadas coas cualificacións positivas, por exercicios, no taboleiro de anuncios do IES San Clemente de Santiago de Compostela. Así mesmo, esta lista será accesible no portal web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/1238>.

2º. Contra a cualificación provisional poderase presentar, na secretaría do centro onde se celebrou a proba, reclamación por escrito dirixida á presidencia do tribunal nos dous días hábiles posteriores á publicación das cualificacións, explicando o motivo da reclamación.

3ª. Transcorrido o prazo de reclamacións, elevarase a definitiva a lista de cualificacións, que será publicada o día 11 de setembro de 2020 no taboleiro de anuncios do IES San Clemente de Santiago de Compostela e no portal web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/1238>».